

Comeza a era Trump no Triángulo Norte Centroamericano

Description

As relacións da rexión centroamericana cos Estados Unidos de América gozan dunha longa tradición, aínda que case sempre predeterminadas polas directrices norteamericanas. Se ben tradicionalmente esta inxerencia estivo supeditada a intereses xeopolíticos, estratéxicos e comerciais, dende fai algún tempo cobrou especial relevancia o factor migratorio.

As relacións da rexión centroamericana cos Estados Unidos de América gozan dunha longa tradición, aínda que case sempre predeterminadas polas directrices norteamericanas. Se ben tradicionalmente esta inxerencia estivo supeditada a intereses xeopolíticos, estratéxicos e comerciais, dende fai algún tempo cobrou especial relevancia o factor migratorio.

O paulatino aumento dos fluxos migratorios centroamericanos cara os Estados Unidos e a preocupación que isto supuxo en Washington, especialmente na era Obama, pareceu mudar a postura clásica ante a problemática á hora de impulsar diversas estratexias ao marxe da ortodoxia anti-inmigración tradicional, baseada no aumento sistemático de medidas de securitización. Referímonos a programas ou iniciativas destinados a controlar o aumento da migración irregular atallando os principais “*push factors*” (factores de empuxe): violencia endémica e crime organizado, debilidade estrutural dos Estados e corrupción, situación socioeconómica etc.

Quizais o mellor expoñente atopámolo na contribución ao *Plan Alianza para a Prosperidade*, desenrolado dende 2015 e destinado á estabilización das economías e gobernos da rexión. Pese as numerosas fallas e carencias que poidan existir no citado plan, mostra certos e moi necesarios avances en materia de desenrolo social de áreas marxinais e no impulso ineludible para a reforma das institución máis débiles e contaminadas destes Estados. A viabilidade do proxecto atópase moi ligada, sendo realistas en canto á capacidade limitada destes gobernos, a estímulos e inversións externas, nos que xoga un papel preponderante o goberno estadounidense.

Coa recente publicación da primeira proposta de Plan de Presupostos⁽¹⁾ do goberno de Donald Trump que, de aprobarse no Congreso, entraría en vigor a partir do próximo outubro, comezan a saltar as alarmas sobre a continuidade das diversas iniciativas de cooperación en vixencia. Pois, co obxectivo de aumentar o gasto militar e de seguridade (10% e 7% respectivamente), mentres se reducen os niveis de débeda, proxectáronse unha serie de recortes significativos en áreas sensibles, baixo a premisa do gasto exacerbado do denominado “*deep state*”⁽²⁾.

Neste ámbito, resultaría especialmente preocupante o recorte do 29% dos fondos destinados a asistencia diplomática e cooperación internacional, dado que parte importante dos programas de desenrolo social, migración ou pacificación desenvolvidos (a través do Fondo de Asistencia de Emerxencia para Refuxiados e Migracións, a Fundación Interamericana ou o Centro Woodrow Wilson, entre outros) mostran unha significativa dependencia de ditos fondos.

Importancia, debilidades e éxitos dos programas de cooperación

Para entender a relevancia destes programas, debemos facernos unha idea dos elevados custos derivados da violencia no TNC, que tradúcense en inversións de ata o 6,5% do PIB de Honduras ou o 6,16% no caso do Salvador⁽³⁾ nunhas economías xa de por si débiles e dependentes. Deste xeito, redúcense de forma significativa e reléganse a un segundo plano as inversións en campos como sanidade, educación ou emprego, destinadas a suplir as debilidades do tecido socioeconómico máis vulnerable.

Esta situación, que parece prolongarse no tempo e realimentarse a si mesma, ao focalizar as respostas na securitización obviando a problemática de base, non fixo senón magnificar a problemática e lastrar os intentos de crecemento da rexión, alén de non obter éxitos significativos: *a eficiencia do gasto en seguridade cidadán é cuestionable, xa que non se asocia con resultados en termos de melloras en seguridade e taxas delictivas máis baixas*⁽⁴⁾. Neste funesto escenario é onde

podemos observar a relevancia das iniciativas de colaboración, pois a inxección provinte dos diversos programas de cooperación supón un balón de osíxeno determinante para suplir as carencias deixadas polas institucións e impulsar a súa depuración (con gran relevancia da asistencia xudicial).

Por exemplo, dentro do ámbito do *Plan Alianza*, no último ano estas inversións (executivo de Barack Obama) alcanzaron os US\$ 750 millóns e formaron parte activa do mantemento do programa conxunto “*antimaras*”, programas de abastecemento en zonas marxinais, de educación, de asistencia migratoria ou no marco da loita contra a endémica corrupción⁽⁵⁾. Neste último punto derivaron varios éxitos de relevancia, pois numerosos políticos e ex gobernantes de primeiro nivel foron procesados ou atópase inmersos en procesos xudiciais de importante calado, dos que destacan Otto Pérez Molina (ex presidente de Guatemala), condenado; Mauricio Funes (ex presidente do Salvador), encausado e exiliado; Porfirio Lobo (ex presidente de Honduras), baixo investigación.

Polo tanto, estes programas preséntanse como a iniciativa máis ambiciosa proxectada ata o de agora para o desenvolvemento socioeconómico e democratización da rexión, así como para a redución das causas que forzan os fluxos migratorios. Pese non estar carentes de certas debilidades, pois existen ámbitos que necesitan unha reformulación e adecuación (proxección temporal cara prazos medio/longos ou optimización no uso dos recursos, entre outros), a súa posta en funcionamento repercute de forma significativa nos espazos nos que os Estados móstranse ausentes.

Retroceso e lugares comúns

Do novo proxecto de presuposto xeral norteamericano pódense sacar certas conclusións inequívocas: existencia dunha tendencia cara o repregamento diplomático coa rexión e unha diminución das estratexias de cooperación (ao menos en termos cuantitativos) en prol doutras de militarización e securitización da fronteira sur.

Aínda que non parece que se vaian a cancelar de forma efectiva varios destes programas, a relación de fondos si parece abocada a unha redución sistemática, o que pode conducir a imposibilidade *de feito* para o seu desenvolvemento. Isto supón dar carpetazo as estratexias baseadas en novos enfoques multidisciplinares, que comezaban a obter certos resultados pese ao breve período de implantación.

Móstranse, polo tanto, unha visión pouco realista da problemática da zona e das necesidades que está supón. As proxeccións futuras, por ende, auguran un retroceso claro nas medidas e políticas públicas e un conseguinte aumento da presión migratoria, resultando totalmente contraproducente para os intereses norteamericanos.

De igual xeito, o recorte no ámbito e esforzo diplomático realíñase coa retórica anti-inmigrante inherente ao actual goberno da Casa Branca, o cal vaticina un empeoramento das relacións co espazo centroamericano e mesmo México, algo que tamén pode dificultar os acordos bilaterais e multilaterais en materia de migración e seguridade. O retorno a lugares comúns parece servido.

Alexandre Rey Parrado,

*licenciado en Historia (USC) e estudante no Master “Seguridade, Paz e Conflitos Internacionais” (USC/CESEG),
actualmente realiza prácticas no IGADI.*

(1) “America First: A Budget Blueprint to Make America Great Again” <https://www.documentcloud.org/documents/3518210-2018-Budget-Blueprint.html>

(2) Nome co que se coñece a suposta “administración na sombra” creada durante o goberno de Barack Obama, que supuxo a formación dunha burocracia paralela e, consecuentemente, duns elevados gastos para o erario público.

(3) BANCO INTERAMERICANO DE DESARROLLO: “*Los costos del Crimen y la Violencia: Nueva evidencia y hallazgos en America Latina y el Caribe*”

" IDB-MG-510 2017 pp. 28-29. <https://publications.iadb.org/bitstream/handle/11319/8133/Los-costos-del-crimen-y-de-la-violencia-nueva-evidencia-y-hallazgos-en-America-Latina-y-el-Caribe.pdf?sequence=8>

(4) PASTO GOMEZ, María Luisa: "*El coste de la violencia en el Triángulo Norte de Centroamérica*". Instituto Español de Estudios Estratégicos (IEEE), Documento Informativo 4/2017 p. 7
http://www.ieee.es/Galerias/fichero/docs_informativos/2017/DIEEEI04-2017_Violencia_TrianguloNorte_Centroamerica_MLPG.pdf

(5) <http://www.estrategiaynegocios.net/lasclavesdeldia/911990-330/congreso-eeuu-condiciona-us750-millones-a-lucha-de-corrupci%C3%B3n-en-tri%C3%A1ngulo-norte>

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Outros

ETIQUETAS

EUA Migración Seguridade Trump Centroamérica

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Relacións Internacionais

Date Created

Marzo 28, 2017

Meta Fields

Autoria : 3769

Datapublicacion : 2017-03-28 00:00:00

Subtitulo : Unha análise de Alexandre Rey Parrado, estudante en prácticas da USC